



CCOO INFORMA N.º14

AXUDAS ACCESIBILIDADE EN E ÁS VIVENDAS

En que consiste a axuda?

Nunha contía económica variable segundo as actuacións desenvolvidas.

Quen pode solicitálas?

- a) As persoas propietarias ou usufrutuarias de: vivendas unifamiliares, edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva e vivendas incluídas nun edificio de tipoloxía residencial de vivenda colectiva.
- b) As comunidades de persoas propietarias ou as súas agrupacións.
- c) As sociedades cooperativas de vivendas: integradas por socios cooperativistas que precisen aloxamento para si ou os seus familiares, as compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificios, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias.
- d) As persoas propietarias que, de forma agrupada sexan propietarias de edificios, que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil.
- e) As empresas construtoras, arrendatarias ou concesionarias dos edificios, así como cooperativas, cun contrato vixente a suficiente prazo coa propiedade.
- f) As persoas arrendatarias de vivendas, no suposto de que as obras ou actuacións non sexan de obrigada execución pola persoa propietaria e ambas as partes acorden que a arrendataria as custee con cargo a parte ou á totalidade da renda arrendaticia.

Deberán posuír a nacionalidade española ou a dalgún Estado membro da U.E. ou do E.E.E., ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso de persoas estranxeiras non comunitarias, terán autorización de estancia ou residencia en España.

Non poderán obter a condición de beneficiaria destas axudas as persoas ou entidades que incumpran a lei de subvencións, que tiveran revocadas anteriores axudas para vivenda e que non se atopen ao día das obrigas coas diferentes administracións.

As persoas ou entidades beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das obras e actuacións para a mellora da accesibilidade.

Cales son os requisitos?

1. Para as vivendas unifamiliares e as situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva:

- a) Estar rematadas antes de 2006 (acreditar mediante escritura pública, nota simple rexistral ou consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais) excepto que na vivenda habiten persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

b) Que constitúan o domicilio habitual e permanente das persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias no momento de solicitar as axudas (acreditar mediante empadramento).

2. Para os edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva:

a) Estar rematadas antes de 2006 (acreditar mediante escritura pública, nota simple rexistral ou consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais) excepto que na vivenda habiten persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

b) Que, polo menos, o 50 % da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles, teña uso residencial de vivenda (acreditar mediante escritura pública, nota simple rexistral ou consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais).

c) Que, polo menos, o 30 % das vivendas constitúan o domicilio habitual dos seus propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios no momento de solicitar as axudas deste programa. A dita circunstancia acreditarase mediante o empadramento. Excepto cando se trate de propietario/a único/a que tivese que realoxar ás persoas inquilinas para realizar as obras ou dun inmovible onde se encontre o domicilio habitual dunha persoa con discapacidade física que, debido á falta de accesibilidade nas zonas comúns, se encontre confinada na súa vivenda.

d) Que as actuacións contén co acordo da comunidade ou comunidades de persoas propietarias agrupadas e coa autorización ou autorizacións administrativas correspondentes.

3. O prazo para executar as obras virá fixado na resolución de concesión da subvención.

4. Nas solicitudes das axudas, faranse constar as anualidades en que pretenden executar as actuacións, co importe do orzamento imputable a cada exercicio.

6. O orzamento e o custo das obras, así como o dos certificados, informes e proxectos técnicos que procedan non poderán superar os custos medios de mercado.

Actuacións subvencionables

a) A instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas, automatismos para a apertura de portas incorporando mecanismos motorizados ou outros dispositivos de accesibilidade, así como calquera medida de accesibilidade.

b) A instalación ou dotación de produtos de apoio, sistemas tecnolóxicos de guiado que permitan a localización, o acceso e uso por parte das persoas con discapacidade a elementos comúns do edificio, de ser o caso,

c) A instalación de elementos de información, de comunicación ou de aviso.

d) A instalación de produtos de apoio á audición para a accesibilidade no contorno.

e) A instalación de elementos ou dispositivos electrónicos como videoporteiros .

f) A instalación de dispositivos de alarma no ascensor que garantan un sistema de comunicación visual, auditiva e bidireccional co exterior.

g) A instalación domótica e doutros avances tecnolóxicos

h) Calquera intervención que facilite a accesibilidade universal nos espazos do interior das vivendas así como nas súas vías de evacuación.

i) Calquera intervención que mellore o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do Código técnico da edificación DB-SUA, Seguridade de utilización e accesibilidade.

2. As actuacións non poderán estar iniciadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 nin estar finalizadas con carácter previo á publicación desta resolución no DOG.

Contía das axudas

- a) 12.500 euros por vivenda, cando se solicite para actuacións correspondentes a vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila.
- b) 9.000 euros por vivenda e 90 euros por metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos compatibles, cando se solicite para actuacións correspondentes a edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva.
- c) 6.000 euros por vivenda, cando se solicita para actuacións correspondentes a vivendas situadas en edificios de tipoloxía residencial colectiva.

Poderán incrementarse ata 15.000 euros por vivenda, se reside unha persoa con discapacidade, e ata 18.000 euros por vivenda, se acredita un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %. O límite unitario poderá ser incrementado en 3.000 euros por vivenda en edificios ou vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con algún nivel de protección no instrumento de ordenación urbanística correspondente.

d) O 60 % do custo da actuación que se poderá incrementar ata o 80 %, se na vivenda ou unha das persoas que resida no edificio é unha persoa con discapacidade ou maior de 65 anos.

3. O custo das actuacións subvencionables poderá incluír os honorarios dos profesionais intervinientes, o custo da redacción dos proxectos, dos informes técnicos e certificados ou os gastos derivados da tramitación administrativa e tributos, debidamente xustificadas.

4. Para a determinación da contía da axuda cada vivenda debe contar coa súa referencia catastral propia ou computarse un edificio como unha única vivenda.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes destas axudas será dun mes contado desde o 22 de marzo de 2024 salvo que antes se esgote o crédito orzamentario (publicarase no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS).

Solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros.

Máis información

DOG Núm. 58 Venres, 21 de marzo de 2024.- Páx. 20154

Instituto Galego da Vivenda e Solo.- RESOLUCIÓN de 8 de marzo de 2024 pola que se procede á convocatoria das axudas do Programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas para o ano 2024 con carácter plurianual (código de procedemento VI435B).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240321/AnuncioC3Q2-080324-0002_es.pdf